

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

12609 *Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.*

O sector avícola é un subsector gandeiro de grande importancia no noso país e que froito da evolución, tanto da normativa como da sociedade, foi cambiando e diversificando a súa actividade nos últimos anos de modo notable.

Isto deu lugar ao desenvolvemento de diferentes sistemas produtivos, tanto na actividade de produción de carne como na de posta, o que, unido á cría de diferentes especies con características distintas, fan que o sector avícola no seu conxunto sexa un sector moi diverso e con múltiples especificidades.

Este sector, principalmente na produción de carne de ave, caracterízase por encontrarse na súa maior parte dentro dun sistema de integración vertical, que adoita ser un modelo de integración completo e, polo tanto, asume todo o proceso, desde a produción de pensos ata o sacrificio dos animais e transformación da carne, o que lle confire unhas concretas particularidades e unha repartición de responsabilidades entre as distintas partes implicadas na produción gandeira.

Ata o momento, tan só a avicultura de carne contou cunha norma de ordenación, o Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.

O dito real decreto elaborouse tendo en conta os criterios zootécnicos, de sanidade e benestar animal, de protección do ambiente e de mellora da calidade e hixiene dos produtos vixentes naquel momento.

Desde a publicación desta norma, tanto a evolución dos retos económicos, sociais e ambientais da produción gandeira como o perfeccionamento do marco normativo, ademais da experiencia adquirida, fan necesario actualizar e revisar en profundidade a normativa de ordenación da avicultura de carne. Por iso se derroga o dito real decreto e as disposicións contidas nel actualízanse e intégranse neste texto normativo.

Por outra banda, debe terse en conta que a avicultura de posta non conta cunha normativa específica de ordenación e, con todo, viuse sometida a fortes cambios, sufrindo unha evolución aínda maior que a de carne, e ademais debe enfrontarse aos mesmos retos que o resto das producións gandeiras. Por iso resulta indispensable incluír a avicultura de posta na presente normativa de ordenación do sector avícola.

Algúns dos retos máis importantes a que se enfronta a produción avícola encóntranse no ámbito da sanidade animal e do ambiente, que obrigan a introducir melloras na xestión das granxas para poder abordalos.

No ámbito sanitario cómpre destacar a importancia de harmonizar e incrementar as medidas hixiénico-sanitarias e de bioseguridade. Derrógase o Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e se regula o plan sanitario avícola, e intégranse algunhas das súas prescricións neste real decreto.

Ademais, a disposición derogatoria prevé a derogación do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros, debido á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou se derrogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»), e que establece novas disposicións en materia de intercambios intracomunitarios e importacións de aves de curral e ovos para incubar.

Así mesmo, hai que ter en conta que, na loita fronte ás enfermidades animais, a prevención é fundamental, para o cal desempeña un papel básico a bioseguridade, pero tamén o seu tratamento se fai necesario. Neste sentido, cabe sinalar que, ben que o uso de antimicrobianos na produción avícola resulta imprescindible en determinadas circunstancias, tamén pode contribuír ao incremento das resistencias antimicrobianas, polo que se debe facer fincapé no uso responsable dos medicamentos veterinarios. De feito, combater a resistencia antimicrobiana é unha prioridade básica na Unión Europea, que estableceu unha estratexia común fronte a esta cuestión.

Adicionalmente, na norma establécese de forma clara as funcións e deberes de todas as persoas e entidades con responsabilidade nunha granxa avícola, e ademais introdúcese a necesidade de contar cun veterinario de explotación, definido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, do que tamén se recollen as súas responsabilidades e funcións.

En canto ao ámbito ambiental, a emisión de gases contaminantes á atmosfera converteuse nun dos principais problemas a escala mundial. En concreto, dentro do ámbito gandeiro, a produción avícola pode ter un impacto significativo, especialmente en relación coa produción de nitratos e a emisión de amoníaco á atmosfera e, en menor medida, na produción de emisións de gases de efecto invernadoiro (metano e óxido nítrico). A norma incorpora, por unha banda, a necesidade de levar a cabo unha adecuada xestión dos estercos e, por outra, un programa de redución de emisións, do mesmo xeito que se procedeu na ordenación de granxas porcinas.

No que se refire á xestión dos estercos, é necesario asegurar a protección da saúde humana e do ambiente, e os titulares das granxas son os responsables da súa correcta xestión.

En canto á normativa de aplicación á xestión do esterco, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, non é de aplicación ás materias fecais se son utilizadas en explotacións agrícolas mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o ambiente. Non obstante, cando non se lles dea este destino, pode resultar necesario destinar unha parte ou a totalidade dos estercos a instalacións para o seu tratamento, de acordo coas disposicións da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e dispor da acreditación documental establecida no seu artigo 17.

En canto ao programa de redución de emisións, establécese a aplicación obrigatoria en todas as granxas, excepto as reducidas, de autoconsumo e granxas con menos dun número concreto de animais, dalgunhas das mellores técnicas dispoñibles, tal e como se definen no artigo 3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.

Merecen especial atención as granxas de cría intensiva de aves de curral suxeitas ao Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, as cales, en particular, se ven afectadas pola Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos. En particular, deberá terse en conta para estas granxas a obriga de obter unha autorización ambiental integrada e a procedente revisión da dita autorización antes de catro anos desde a publicación da mencionada decisión, para garantir que se cumpren as condicións da autorización conforme as ditas conclusións.

Con estas previsións, o real decreto incorpora as medidas establecidas no Programa nacional de control da contaminación atmosférica e contribúe ao cumprimento dos compromisos adquiridos polo Reino de España en materia de redución de amoníaco a través da Directiva (CE) 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa á redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, pola que se modifica a Directiva 2003/35/CE e se derroga a Directiva 2001/81/CE e a súa posterior incorporación á normativa nacional co Real

decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos.

No relativo ao benestar animal, é necesario consolidar o marco normativo actual. Por unha banda, establécense requisitos horizontais, tales como os documentais e os de formación, dando coherencia aos requisitos para a formación de todas as persoas que traballan con aves de curral, que na actualidade son distintos debido a que as normas para as distintas especies se adoptaron de maneira gradual.

Por outra banda, modifícase o Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, mediante a disposición derradeira segunda, para facer unha remisión a este real decreto en relación coa formación das persoas que traballan con este tipo de animais, todo iso en prol de proporcionar unha maior seguridade xurídica e harmonizar ambas as normas.

Todo iso, entendido sen prexuízo do xa establecido en materia de formación en benestar do Real decreto 692/2010, do 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne, que se modifica mediante a disposición derradeira primeira para facer unha referencia no relativo aos cursos de formación a este real decreto e con iso cohonestar ambas as normas, e polo Real decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas. Trátase en ambos os casos de normas especiais que se aplican adicionalmente á xenérica de explotacións cando concorran os supostos previstos nelas.

Por último, no relativo ao benestar animal, non hai que esquecer aquelas especies e fases da produción que non contan con normativa específica da Unión, incorporando aquí as obrigas establecidas nas recomendacións do Consello de Europa, obrigatorias para España como signataria do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras.

Todo iso sen prexuízo da aplicación do Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Establecementos de Galiñas Poñedoras.

Ademais, introdúcese na produción avícola o concepto de autocontrol, que se reforza coa obriga por parte do veterinario da explotación de realizar un plan de visitas zoonosanitarias, tal e como establece o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo a enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou se derrogan algúns actos en materia de sanidade animal.

Ademais de para produciren carne ou ovos, existen granxas que manteñen aves para a comercialización destas con outros fins, ou dos seus produtos, tales como criar animais de apoio á caza. É necesario que as ditas granxas cumpran as normas deste real decreto, de acordo co número de aves da granxa. O seu ámbito de aplicación circunscríbese ás granxas avícolas, denominadas explotacións no texto legal dada a necesaria adecuación da terminoloxía ao marco legal vixente e, en particular, ao termo definido para o efecto na Lei 8/2003, do 24 de abril. Así, esténdese o ámbito de aplicación a todas as granxas avícolas de produción (independentemente da súa orientación zootécnica), e establécense excepcións xerais para as granxas de autoconsumo e outras máis concretas para as granxas reducidas.

Non obstante, as granxas avícolas de produción ecolóxica seguiranse rexendo, esencialmente, pola normativa aplicable a estas, na actualidade o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, e a partir do 1 de xaneiro de 2022, polo Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello.

Polo demais, esta norma incardínase no compoñente 3: transformación ambiental e dixital do sistema agroalimentario e pesqueiro, do Plan de transformación, recuperación e resiliencia, en concreto responde á reforma 2 (C3.R2): Desenvolvemento e revisión do

marco regulatorio en materia de sustentabilidade ambiental da gandaría. En cumprimento do disposto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR); no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, e na súa normativa de desenvolvemento, en particular a Comunicación da Comisión Guía técnica sobre a aplicación do principio de non «causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co requirido na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, as normas de ordenación que desenvolve este real decreto deben respectar o chamado principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio DNSH polas súas siglas en inglés, «Do No Significant Harm») e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica. Adicionalmente, as prescricións relativas ás condicións destinadas a protexer a sanidade da cabana avícola dítanse conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade, e os artigos 11 a 13 relativos ás melloras en relación coas emisións e coa xestión de esterco, así como as mellores técnicas dispoñibles dítanse conxuntamente ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente. O artigo 21, sobre réxime sancionador, dítase conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1, nas súas regras 13.^a, 16.^a e 23.^a, da Constitución. Así mesmo, o artigo 14.5 dítase ao abeiro do primeiro inciso da regra 16.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Tamén se someteu ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia pois, ademais de concretar a actualización dos requisitos de ordenación das granxas avícolas conforme as demandas da sociedade, contribúe ao cumprimento dos compromisos de redución de emisións do Reino de España garantindo que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que, en consecuencia, beneficia o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigas aos destinatarios tendo en conta que a obriga da aplicación das mellores técnicas dispoñibles emana da normativa europea e de que os requisitos de bioseguridade e sanidade que se engadiron respecto á lexislación anterior son os mínimos imprescindibles para asegurar o status sanitario deste sector gandeiro. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, ao derogar as disposicións mencionadas en vigor para conter toda a regulación nun mesmo instrumento xurídico e recoller as disposicións relativas á

valorización agronómica dos estercos mentres se aproba unha normativa específica; procurouse a participación das partes interesadas, a través do proceso de información e participación pública, e evitáronse cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as normas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións avícolas, incluídas as condicións mínimas de infraestrutura, equipamento e manexo, localización, bioseguridade e condicións hixiénico-sanitarias e requisitos ambientais, que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade gandeira no sector avícola, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais, ambiente e cambio climático.

2. As disposicións establecidas neste real decreto serán de aplicación ás explotacións en que se críen ou manteñan aves de curral para produción de carne, de ovos ou doutras producións, segundo se definen no artigo 2.2, ou como reproductoras para a produción de carne, para a produción de ovos ou outras producións, sen prexuízo da normativa que lles sexa directamente aplicable.

3. Ás explotacións gandeiras especiais de tratantes ou operadores comerciais e aos centros de concentración de animais, definidas no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, non lles serán de aplicación os artigos 12, 13, 19.d) e 19.f).3.º deste real decreto.

4. Ás explotacións de aves cinxéticas para a solta ou repoboación non lles serán de aplicación os artigos 6.8, 6.12.d), 6.12.e), 6.12.l) 12, 13 e 19.d) deste real decreto.

5. Ás explotacións de autoconsumo, segundo se definen no artigo 2.h), non lles serán de aplicación os artigos 3, 4, 5, 6.1 a 6.10, 6.12, 8, 9, 11, 12, 13, 15, 17, 19.a) a 19.e), 19.f) 3.º e 19.g) deste real decreto.

6. Ás explotacións reducidas, segundo se definen no artigo 2.i), non lles serán de aplicación os artigos 4, 5.b) a 5.d), 6.2 a 6.5, 6.8, 6.9, 6.12.b) a 6.12.l) 9, 11.2, 11.4, 11.5, 12, 13, 15, 19.b) ao 19.e) e 19.g) deste real decreto.

7. Aos matadoiros só lles serán de aplicación os artigos 8, 16, 20 e 21.

8. Exceptúanse do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) A fauna silvestre, segundo se define no artigo 3.5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

b) Os centros de inspección e corentena, segundo se definen nos puntos 25 e 26 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

c) Os núcleos zoolóxicos con aves de curral, segundo se definen no artigo 2.l), e a tenza destes animais cando non estean destinados ao consumo humano e que se manteñan con fins persoais non comerciais.

d) As explotacións gandeiras especiais, excepto as incluídas nos puntos 3 e 7.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións que figuran na Lei 8/2003, do 24 de abril, no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, e no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou se derrogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»).

1. Ademais, entenderase como:

a) Aves de curral para produción de carne: as galiñas, pavos, galiñas de Guinea, patos, gansos, paspallases, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras (ratites), criados ou mantidos en cativerio como aves de cría ou de explotación para produción de carne. Inclúense nesta definición, dado o seu posible destino final para consumo, as aves das mencionadas especies que se críen para repoboación cinexética.

b) Aves de curral para produción de ovos: as galiñas, pavos, galiñas de Guinea, patos, gansos, paspallases, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras (ratites), criados ou mantidos en cativerio como aves de cría ou de explotación para produción de ovos.

c) Aves de curral para outras producións: as galiñas, pavos, galiñas de Guinea, patos, gansos, perdices, faisáns, paspallases, pombas e aves corredoras, criados ou mantidos en cativerio como aves de cría ou de explotación para a obtención doutros produtos distintos da carne ou dos ovos ou de animais destinados a outros fins diferentes á produción de carne ou ovos.

d) Aves de cría ou reprodutoras: as aves de curral con setenta e dúas horas ou máis de vida e destinadas á produción de ovos para incubar.

e) Aves de explotación ou de produción: as aves de curral con setenta e dúas horas ou máis de vida e criadas para a produción de carne ou de ovos de consumo ou para a subministración de animais de especies de caza para repoboación ou outras producións.

f) Bioseguridade: conxunto de medidas que abarcan tanto as estruturas da explotación como aqueles aspectos do manexo e xestión, orientados a protexer os animais da entrada e da difusión de enfermidades infectocontaxiosas e parasitarias nas explotacións.

g) Esterco de gando avícola: todo excremento, urinas ou dexección de gando avícola, con ou sen cama.

h) Explotación para autoconsumo: a explotación que teña como máximo 0,15 unidades de gando maior (UGM) de aves de curral de capacidade máxima, calculadas segundo a táboa de equivalencias do anexo I e que, en ningún caso, comercialice os animais, nin a súa carne, nin os ovos nin outras producións, e serán consideradas en caso de comercializalos como explotacións reducidas. Non poderán ter esta consideración as explotacións que manteñan ou críen especies de aves corredoras (ratites), que serán consideradas como explotacións reducidas.

i) Explotación reducida: aquela que alberga un máximo de 0,75 UGM de aves de curral para produción de carne (incluídas especies cinexéticas), produción de ovos ou para outras producións, de capacidade máxima, calculadas segundo a táboa de equivalencias do anexo I, e que comercializa a produción. Así mesmo, terán a consideración de explotacións reducidas aquelas que albergan máis de 0,15 UGM e como máximo 0,75 UGM, que non comercialicen os animais, a súa carne ou os seus ovos, e as explotacións que manteñan ou críen especies de aves corredoras (ratites).

j) Manda: todas as aves que teñan o mesmo status sanitario e se encontren nas mesmas instalacións ou no mesmo recinto e que constitúan unha única unidade epidemiolóxica; en caso de aves estabuladas, isto incluírá todas as aves que compartan a mesma cubicación de aire.

k) Meliores técnicas dispoñibles (MTD): as definidas no artigo 3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro.

l) Núcleo zoolóxico con aves de curral: establecementos e coleccións zoolóxicas privadas que albergan aves de curral con fins distintos á cría ou reprodución de aves, a produción de carne e a produción de ovos ou outras producións.

m) Pitos dun día de vida: todas as aves de curral con menos de setenta e dúas horas e que aínda non sexan alimentadas; non obstante, os patos crioulos («Cairina moschata») ou os seus cruzamentos poderán ter sido alimentados.

n) Todo dentro-todo fóra: sistema de manexo que implica o baleirado completo de animais dunha unidade de produción, para a súa posterior limpeza e desinfección, mantendo un tempo determinado de espera antes da introdución do seguinte lote de animais, que garanta unha correcta desinfección.

ñ) Unidade de produción: recinto, nave ou espazo delimitado que contén unha soa manda.

Artigo 3. Clasificación das explotacións avícolas.

1. As explotacións avícolas de produción e reprodución, segundo se definen no punto 1 do anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, dependendo da actividade ou actividades a que se dediquen, diferenciaranse segundo a seguinte clasificación zootécnica:

a) De selección: aquelas dedicadas á produción de ovos para incubar destinados á produción de aves de cría.

b) De multiplicación: aquelas que manteñen aves de cría dedicadas a producir ovos para incubar destinados á produción de aves de explotación ou de produción.

c) De recría de aves de cría ou reprodutoras para carne ou para posta: aquelas dedicadas ao mantemento en cativerio de aves de cría ou reprodutoras, antes da fase de reprodución.

d) De recría de aves de explotación ou de produción para carne ou para posta: aquelas dedicadas ao mantemento en cativerio de aves de explotación ou de produción, antes da fase de produción.

e) De produción para carne: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación ou produción para a produción de carne.

f) De produción para posta: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación ou de produción para a produción de ovos.

g) De produción de especies de caza para solta ou repoboación: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación ou produción para a subministración de especies de caza autóctonas non hibridadas, para solta ou repoboación.

h) De produción para outros fins: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación ou produción para a obtención de animais con fins distintos da obtención de carne ou de ovos.

i) De ceba de palmípedas graxas: as explotacións de palmípedas graxas dedicadas a albergar os animais na fase final da súa vida e que levan a cabo unha alimentación pautada nunha nave acondicionada durante un tempo breve, que non excederá os 15 días.

j) Incubadoras: aquelas explotacións cuxa actividade consiste no almacenamento, na incubación ou na eclosión de ovos para incubar e a subministración de ovos ou pitos dun día de vida a outras explotacións avícolas.

2. Cada explotación terá unha única clasificación zootécnica para os efectos de rexistro e identificación. Non obstante, as autoridades competentes poderán autorizar máis dunha clasificación baixo un mesmo código de explotación, cando consideren que as medidas de bioseguridade e, se for o caso, o plan sanitario previsto no anexo V son adecuados e suficientes para previr a introdución e o contaxio de enfermidades.

3. As explotacións avícolas de produción para carne clasificaranse, en función do seu sistema de cría, tal e como se establece no anexo II. Ademais, en caso de se encontraren autorizadas para levar a cabo o sacrificio en explotación, tal e como establece o Real decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e se flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas do seu ámbito de aplicación, deberán clasificarse como explotacións autorizadas para o sacrificio en explotación, indicando o número de autorización e a capacidade máxima de sacrificio autorizada.

4. As explotacións avícolas de produción para posta clasificaranse, en función do seu sistema de cría, tal e como se establece no anexo II.

5. As explotacións avícolas de produción para posta ou para carne poderán ter máis dun sistema de cría en relación cos puntos 3 e 4 anteriores, tan só no caso de que as autoridades competentes consideren que as medidas de bioseguridade sexan adecuadas e a rastrexabilidade quede asegurada.

CAPÍTULO II

Requisitos mínimos xerais das explotacións e do seu funcionamento

Artigo 4. *Responsabilidades en materia de hixiene, benestar, bioseguridade, sanidade animal e formación.*

1. Os titulares das explotacións deberán cumprir coas seguintes obrigas en materia de hixiene, benestar, bioseguridade e sanidade.

a) O responsable da aplicación das medidas e requisitos en materia de bioseguridade, sanidade animal e hixiene deste real decreto e das obrigas contidas nos artigos 10 e 24 do Regulamento (UE) n.º 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, é o titular da explotación ou o titular dos animais, conforme o que establece o artigo 16 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

b) O titular da explotación designará un veterinario de explotación que será o responsable de asesorar e informar o titular da explotación sobre as obrigas e requisitos deste real decreto en materia de bioseguridade, hixiene, benestar e sanidade animal.

c) Tal e como establece o artigo 25 do Regulamento (UE) 2016/429, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 marzo de 2016, as explotacións deberán estar sometidas a un plan de visitas zoonosanitarias, realizadas polo veterinario da explotación, cuxa frecuencia será proporcional ao nivel de risco do establecemento, e que incluírá unha avaliación dos requisitos de bioseguridade e outros aspectos zoonosanitarios da explotación, como o uso racional dos antimicrobianos, así como a verificación destes aspectos incluídos no sistema integral de xestión das explotacións avícolas que establece o artigo 9 deste real decreto.

d) Co obxecto de avaliar o nivel de bioseguridade da explotación e outros aspectos zoonosanitarios, o veterinario da explotación empregará unha enquisa de bioseguridade que recolla, polo menos, o contido mínimo establecido no anexo III deste real decreto. A frecuencia desta avaliación será a que se estableza no ámbito do desenvolvemento do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016.

e) O titular da explotación deberá vixiar a saúde e o comportamento dos animais e comunicarlle ao veterinario da explotación calquera cambio nos parámetros normais de produción que poida facer sospeitar que sexa causado por unha enfermidade listada ou emerxente, así como os casos de mortalidade anormal e outros indicios de enfermidade grave, tal e como se establece no artigo 10 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016.

2. O titular da explotación asegurarse de que todas as persoas que traballan coas aves teñan unha formación adecuada e suficiente, de acordo cos seguintes principios:

a) Todas as persoas que traballan coas aves deberán ter un mínimo de formación de 20 horas sobre as materias e contido mínimo que figuran no anexo IV, nun prazo máximo de 6 meses contados desde a data de inicio do seu traballo na explotación, sen prexuízo do que establece a normativa específica en materia de benestar animal e tratamentos biocidas.

Este requisito non se aplicará a quen estea en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- Título profesional básico en actividades agropecuarias.
- Título de técnico en produción agropecuaria.
- Título de técnico superior en ganaría e asistencia en sanidade animal.

Non obstante, as autoridades competentes das comunidades autónomas poderán eximir deste requisito os traballadores que poidan demostrar un mínimo de 3 anos de experiencia práctica en traballos relacionados coa cría de aves, que garanta un coñecemento mínimo nas materias referidas no parágrafo anterior, sen prexuízo do que establece a normativa específica de benestar animal no caso de explotacións de polos destinados á produción de carne.

b) De maneira adicional, o titular da explotación asegurarse de que todas as persoas que traballan coas aves realizan, de maneira periódica e, en todo caso, polo menos unha vez cada cinco anos, cursos de adecuación dos coñecementos aos avances técnicos da actividade, baseados nas materias incluídas no anexo IV, cunha duración mínima de 10 horas.

Artigo 5. *Condicións sobre infraestruturas, equipamento e manexo.*

As explotacións de gando avícola deberán cumprir as seguintes condicións mínimas de infraestruturas, equipamento e manexo, sen prexuízo do disposto no resto da normativa vixente:

a) A superficie de terreo ocupada pola explotación debe ser adecuada para permitir o correcto desempeño da actividade gandeira.

b) A acometida e subministración de auga aos animais realizaranse de maneira que se optimice o consumo de auga, evitando na medida do posible as perdas. Para iso, deberá dispor dun caudalímetro no punto de entrada da auga á explotación. De non estar incorporada a unha rede municipal, a granxa deberá contar co correspondente título xurídico que habilite o uso da auga e terá a obriga de comunicar os datos de extracción e consumo de augas ao organismo de bacía correspondente, así como de facilitar o acceso dos seus empregados ao contador.

c) A explotación no seu conxunto deberá optimizar o uso de enerxía e minimizar, na medida do posible, os ruídos, partículas, po e cheiros que se xeren.

d) As instalacións e equipamentos deberán manterse en bo estado de conservación e someterse a limpeza e desinfección periódicas. A disposición das construcións, instalacións, utensilios e equipamento posibilitará, en todo momento, a realización dunha limpeza, desinfección, desinsectación e desratización eficaces.

e) No caso das explotacións en que as aves teñen acceso continuo ao aire libre deberán existir unhas instalacións que permitan o seu confinamento total por motivos sanitarios. Estas instalacións deberán incluír sistemas efectivos que protexan do contacto con animais silvestres. En explotacións xa existentes, en caso de non dispor de suficiente superficie para estas instalacións, deberán ter un plan de continxencia para estes casos.

Artigo 6. *Condicións hixiénico-sanitarias e de bioseguridade das explotacións avícolas.*

1. O funcionamento da explotación estará baseado nos principios de hixiene e bioseguridade e de manexo por unidades de produción da mesma idade e status sanitario. Para este efecto, as explotacións poderán aplicar as guías de prácticas correctas de hixiene, de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

2. As explotacións deberán dispor de utensilios de limpeza e manexo, e roupa e calzado de uso exclusivo da explotación, tanto para o persoal como as visitas.

3. A subministración de auga de bebida será de calidade adecuada, e deberá proceder da rede de subministración municipal ou doutras fontes. Neste último caso efectuaranse controis de calidade, polo menos con frecuencia semestral, e en caso de ser necesario, será sometida a tratamentos co fin de garantir a ausencia de patóxenos das aves ou zoonóticos e o crecemento de algas. En caso de deficiencias da calidade da auga ou risco de contaminación, a frecuencia dos controis deberá incrementarse. Igualmente, adoptaranse medidas para que non se produza contaminación a través da auga destinada a outros usos.

4. Os pensos destinados aos animais estarán adecuadamente etiquetados e almacenaranse de tal forma que se eviten a súa alteración ou deterioración e a súa contaminación e se preveña o acceso a eles de animais domésticos ou silvestres.

5. A explotación disporá dun lugar seguro e protexido, convenientemente sinalizado, para o almacenamento dos medicamentos veterinarios e pensos medicamentosos, así como para produtos biocidas, fitosanitarios e outros produtos zosanitarios ou de limpeza.

6. Contarán cun sistema de xestión dos residuos xerados na explotación, perigosos e non perigosos, e en particular residuos de medicamentos veterinarios e de pensos medicamentosos, que inclúa a identificación dos xestores autorizados en materia de residuos aos cales se destinan. Os residuos deberán xestionarse conforme a normativa de aplicación e, en particular, conforme o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

7. As explotacións operarán baixo o principio de «todo dentro, todo fóra», segundo se define no artigo 2.n) deste real decreto, dentro de cada unidade de produción. Logo do traslado ou da saída de cada manda ou ao terminar cada ciclo de produción, as unidades de produción e os utensilios limparanse e desinfectaranse adecuadamente e manterase un tempo de espera antes da introdución do seguinte lote de animais de, polo menos, 12 días tras a dita limpeza, desinfección, desratización e, se for o caso, desinsectación. Así mesmo, e durante ese tempo de espera, realizaranse as análíticas necesarias de comprobación da eficacia das ditas operacións.

Non obstante o anterior, naqueles casos en que se dispoña de resultados analíticos que demostren a eficacia da limpeza e desinfección realizadas, poderase reducir o tempo de espera ata un mínimo de sete días.

As explotacións autorizadas antes da entrada en vigor do presente real decreto e que non operen baixo os principios do «todo dentro, todo fóra» deberán facer un baleirado completo de cada nave polo menos cada 2 anos e posteriormente unha adecuada limpeza e desinfección, verificando a súa eficacia tal e como se describe neste real decreto.

No caso de unidades de produción con áreas de cría ou produción ao aire libre e de aves corredoras (ratites), deberanse establecer as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para lograr un descanso suficiente das aves que permita o control efectivo dos axentes infecciosos e parasitarios.

8. Nas salas de incubación aplicaranse programas de monitorización constante das instalacións e procedementos que permitan detectar rapidamente calquera fallo nas medidas de bioseguridade.

As salas de incubación someteranse permanentemente a procesos de limpeza e desinfección das instalacións.

As operacións de limpeza e desinfección anteriormente mencionadas quedarán rexistradas e verificadas de forma rutineira.

9. Deberanse limitar as visitas ao estritamente necesario e deberase levar un control eficaz de todas as visitas que se realicen á explotación, mediante o rexistro da data e hora da visita, a identificación das persoas, especificando as que correspondan a veterinarios, e vehículos e lugar de procedencia.

10. No caso de aparición dalgunha das epizootias previstas no Regulamento de execución (UE) 2018/1882 da Comisión, do 3 decembro de 2018, relativo á aplicación de determinadas normas de prevención e control a categorías de enfermidades enumeradas na lista, e polo que se establece unha lista de especies e grupos de especies que supón un risco considerable para a propagación das ditas enfermidades da lista, serán de aplicación as normas de prevención e control de enfermidades de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016.

11. As explotacións de autoconsumo e explotacións reducidas deberán identificar un veterinario de referencia ao cal poder recorrer en caso de aparición de problemas sanitarios concretos.

12. As explotacións de gando avícola deberán cumprir cos seguintes requisitos adicionais en materia de bioseguridade, hixiene e sanidade animal:

a) A explotación, ou excepcionalmente cando non sexa posible, as unidades de produción situaranse nunha área delimitada mediante un valado ou illamento perimetral, que as ille da entrada de persoas do exterior e minimize a entrada de mamíferos que poidan actuar como vectores de enfermidades, e que ademais permita un control de entradas e saídas nela. O valado ou illamento perimetral deberá estar en bo estado de conservación en todo momento e deberá incluír todas as zonas con posibilidade de seren usadas polos animais e polas persoas que traballan na explotación, permitindo que todas as actividades relacionadas coa produción avícola se poidan realizar dentro dos seus límites.

De igual maneira, e especialmente no caso de explotacións de produción de especies de caza para solta ou repoboación, o valado e o illamento perimetral impedirán o escape ao exterior da explotación das aves contidas nela, dado que a liberación de exemplares ao medio natural con fins de repoboación cinexética debe contar cunha autorización administrativa específica de acordo coa normativa sectorial aplicable.

A entrada ou entradas deben contar con posibilidade de pechamento e estar correctamente delimitadas. As ditas entradas manteranse pechadas permanentemente, salvo cando se utilicen para a entrada ou saída do persoal ou vehículos autorizados.

Cando unha explotación teña varias unidades de produción, estas deberán estar delimitadas polo mesmo dispositivo perimetral e operar de acordo coas mesmas condicións de bioseguridade. Nos casos en que non sexa posible unha delimitación no seu conxunto, sempre que o autorice a autoridade competente, cada unidade de produción poderá ter o seu propio valado ou illamento perimetral, sen que a ausencia de valado ou illamento conxunto presupoña que se trata de explotacións distintas.

No caso de explotacións en que as aves teñen acceso ao aire libre, cada unidade de produción deberá estar igualmente delimitada por un valado ou illamento perimetral, excepto no caso en que as diferentes unidades de produción conteñan mandas co mesmo status sanitario e operen baixo as mesmas condicións de bioseguridade, caso en que se poderán delimitar de maneira conxunta.

Este requisito de valado ou illamento perimetral da explotación ou das unidades de produción non será de aplicación ás explotacións avícolas para a produción de carne cuxo sistema de cría sexa campeiro en total liberdade, que se establece no anexo II.

b) A explotación disporá de sistemas efectivos que protexan as aves de curral do contacto con animais silvestres que poidan transmitir enfermidades. En concreto, as aberturas ao exterior das edificacións non aptas para o tránsito de vehículos, persoas ou animais, incluídas xanelas e ocos de ventilación, cubriranse cunha rede de malla que impida o acceso doutras aves.

c) A explotación ou, se for o caso, as súas unidades de produción deberán dispor de arcos de desinfección e/ou un vao sanitario para os vehículos que entren na explotación, ou medios alternativos de eficacia equivalente. En todo caso, os medios de desinfección deberán asegurar a desinfección efectiva das rodas, os pasos de rodas e baixos do vehículo, e deberán estar en correcto estado de conservación e efectividade en todo momento. O resto de entradas deberá contar cun pediluvio ou calquera outro medio de eficacia semellante á entrada do recinto. Así mesmo, disporá dun sistema apropiado para a desinfección do calzado dos operarios e visitantes, ou sistema equivalente á entrada de cada nave.

d) Todas as explotacións deberán dispor de vestiarios de paso obrigatorio antes de entrar na zona de produción, cunha separación clara entre a zona limpa e a zona sucia. Deberán existir indicacións visibles con instrucións claras sobre os protocolos de hixiene e bioseguridade que se deberán aplicar antes da entrada nas zonas de produción.

e) As explotacións de máis de 10 UGM de capacidade máxima deberán dispor polo menos de lavabo, váter e sistemas de ducha ou equivalente con auga quente.

f) En todas as explotacións se deberá minimizar ao máximo posible a entrada de vehículos e os vehículos das visitas deberán quedar fóra do valado perimetral da explotación. En explotacións de nova instalación, os vehículos deberán realizar as operacións de retirada de animais mortos desde fóra do valado perimetral da explotación ou da unidade de produción. En calquera caso, e cando sexa imprescindible a entrada e saída de vehículos auxiliares, estes deberán desinfectarse a través dos vaos e arcos de desinfección ou sistema equivalente á entrada e saída da explotación ou unidade de produción, se for o caso.

g) Deberán dispor de medios suficientes para a recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, de acordo co previsto na súa normativa específica, con vistas á súa retirada e eliminación, evitando ao máximo a diseminación de axentes patóxenos.

h) Disporán de medios adecuados para a observación e o confinamento de animais enfermos, feridos ou sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas. Estes animais poderán separarse dentro da mesma unidade de produción, ao criterio do veterinario responsable da explotación.

i) As gaiolas ou outros dispositivos en que se transporten os animais serán de material fácil de limpar e desinfectar, e cada vez que se utilicen serán limpadas e desinfectadas antes de utilizalas de novo, ou ben serán dun só uso. Co obxectivo de reducir a xeración de residuos da explotación, diminuírase na medida do posible a utilización de gaiolas ou outros dispositivos dun só uso.

j) As explotacións deberán contar cunha cantidade suficiente de comedoiras e bebedoirs, adecuadamente distribuídos e de fácil acceso, que aseguren a máxima dispoñibilidade para todas as aves. Os bebedoirs deberán dispor dun sistema que reduza, no posible, a vertedura de auga.

k) Nas explotacións con parques no exterior aos cales poden acceder as aves, os bebedoirs e comedoiras situaranse no interior das naves. Unicamente se poderán situar no parque exterior se se sitúan dentro de refuxios para evitar que outras aves alleas á explotación teñan acceso a eles.

l) As instalacións da explotación estarán deseñadas de forma que se asegure un control dos parámetros ambientais dentro delas, de acordo cos parámetros establecidos na normativa vixente en materia de protección animal. Para iso teranse en conta a climatoloxía da zona e as condicións extremas de frío ou calor que sexan habituais.

Artigo 7. *Condicións de benestar das aves de curral.*

1. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo da aplicación do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras; do Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, e do Real decreto 692/2010, do 20 de

maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne.

2. Prohíbense todas as intervencións cirúrxicas por motivos que non sexan terapéuticos ou de diagnóstico e que poidan dar lugar a unha lesión ou á perda dunha parte sensible do corpo ou ben á alteración da estrutura ósea. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar:

a) O recorte do peteiro das aves, unha vez esgotadas as demais medidas destinadas a evitar que peteiren as plumas e o canibalismo. En tales casos, a operación unicamente se efectuará tras consulta co veterinario da explotación e por consello deste, e será practicada por persoal cualificado e só aos pitos de menos de dez días.

b) A castración dos polos, que só se poderá realizar baixo supervisión do veterinario de explotación e por parte de persoal cunha formación específica.

O titular rexistrará no libro de rexistro a data en que se realiza a intervención e o nome da persoa que a realiza e o seu DNI/NIE.

3. Prohíbese arrincar pluma ou penuxe ás aves corredoras (avestruces, emús e ñandús), pato doméstico (*Anas platyrhynchos*), pato crioulo ou de Berbería (*Cairina moschata*), híbridos de pato crioulo e de patos domésticos (*Anas platyrhynchos*) e aos gansos domésticos (*Anser f. domesticus*, *Anser cygnoides f. domesticus*) e os seus cruzamentos.

4. Cando as unidades de produción consistan en naves pechadas, controlaranse diariamente as temperaturas máximas e mínimas que se produzan no interior.

5. Todos os animais criados no chan deberán ter acceso permanente a cama ou leito e evitárase o seu amazocamento na superficie. Manterase a dita cama en condicións tales, ao longo de toda a crianza, que se eviten lesións nos animais.

6. Todas as explotacións deberán poder garantir a subministración de auga en cantidade e calidade suficiente, incluso durante os cortes de subministración, e incluíranse no plan de benestar animal previsto no sistema de xestión integral das explotacións avícolas, tal e como se recolle no punto 11 do anexo V, as medidas implantadas para iso.

Artigo 8. *Condicións sobre localización e separación sanitaria.*

1. Co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infectocontaxiosas nas aves, calquera explotación que se instale con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberá respectar unha distancia mínima de 500 metros con respecto ás explotacións avícolas xa existentes ou con respecto a calquera outro establecemento ou instalación que poida representar un risco hixiénico-sanitario. Para estes efectos, entenderanse incluídas as plantas de transformación de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano de categorías 1 e 2, os matadoiros de aves, os vertedoiros, os almacéns e plantas intermedias de esterco, xurros ou os almacéns de lodos de depuradoras, as depuradoras de auga e calquera outra instalación onde se manteñan animais epidemioloxicamente relacionados, os seus cadáveres ou partes destes.

No que se refire aos almacéns de esterco, estas distancias non serán de aplicación se nel só se almacena esterco da propia explotación.

No caso de explotacións de recría de aves de cría ou reprodutoras e explotacións de multiplicación, esta distancia deberá aumentar ata os 1.000 metros e no caso das de selección esta distancia deberá aumentar ata os 2.000 metros.

Para a aplicación ao terreo de estercos, xurros ou lodos de depuradora respectarase a distancia de 100 metros con calquera explotación, excepto coas de selección, multiplicación e recría de aves de cría ou reprodutoras, en que serán 200 metros, salvo que proceda da propia explotación.

Á marxe dos establecementos mencionados neste punto, as autoridades competentes poderán establecer distancias a outras explotacións de especies

epidemioloxicamente relacionadas, a núcleos zoolóxicos que alberguen aves ou a calquera outro establecemento ou instalación que presente un risco hixiénico-sanitario, se o consideran oportuno.

2. A medición, para o cálculo desta distancia, realizarase sobre plano (distancia topográfica) e efectuarase tomando como referencia o lugar onde se aloxen os animais máis próximo respecto do que se pretende establecer a citada distancia e ata o lugar referido, para as vías públicas, no artigo 13 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, e no artigo 29 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, e ata o dominio público hidráulico establecido no artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

3. As mencionadas condicións de localización aplicaranse, así mesmo, ás ampliacións de superficie para o mantemento de aves que realicen as explotacións que se encontren en funcionamento previamente á publicación deste real decreto, de forma que só se poderán levar a cabo se se respectan as condicións establecidas no punto 1.

4. As distancias ás cales se refire o punto 1 aplicaranse reciprocamente entre as explotacións e o resto de establecementos.

5. Con carácter excepcional, e coas xustificacións técnicas correspondentes, a autoridade competente poderá autorizar, como máximo, unha redución do 10 % nas distancias mínimas que establece este real decreto, e analizará previamente os riscos epidemiolóxicos da instalación, tendo en conta, polo menos, a orografía do terreo, a orientación dos ventos dominantes e as condicións de bioseguridade das instalacións, e establecerá as medidas complementarias que considere oportuno.

Ademais, naqueles casos en que as medicións sobre o terreo superen en máis dun 30 % as medicións sobre plano e existan barreiras naturais ou accidentes do terreo que minimicen os riscos de difusión de enfermidades, a autoridade competente poderá reducir as distancias mínimas que establece este real decreto nun 10 % de maneira adicional a respecto do parágrafo anterior.

6. As comunidades autónomas insulares poderán modular as distancias mínimas que establece este real decreto en función das características das zonas en que se sitúen e das medidas complementarias adicionais que se establezan, sen que en ningún caso se poidan reducir aquelas en máis dun 20 %.

7. Así mesmo, a autoridade competente da comunidade autónoma poderá limitar a instalación de novas explotacións de aves e a súa capacidade máxima por razóns ambientais ou sanitarias, en zonas declaradas pola comunidade autónoma como de alta densidade gandeira ou como vulnerables, nos termos establecidos polo Real decreto 261/1996, do 14 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

8. Para os efectos de reducir o risco de inundación e, consecuentemente, incrementar as súas condicións de bioseguridade, a localización das instalacións terá en conta a observancia, segundo proceda, dos artigos 9 e seguintes do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 6 de abril, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Artigo 9. *Sistema integral de xestión das explotacións avícolas (SIXE).*

1. Todas as explotacións avícolas contarán cun sistema integral de xestión das explotacións avícolas (en diante, SIXE), que incluírá, como mínimo, os elementos que se detallan no anexo V. O contido do SIXE deberá actualizarse, polo menos, cada 5 anos e, en calquera caso, sempre que a explotación modifique substancialmente as súas instalacións ou prácticas de manexo e cando se produza un cambio na normativa vixente que afecte o seu contido.

2. O veterinario da explotación elaborará aqueles puntos do sistema integral de xestión das explotacións avícolas relacionados con sanidade, benestar animal, hixiene e bioseguridade.

Artigo 10. *Inspección ante mortem de aves de curral.*

1. Para poder enviar aves de curral para o seu sacrificio en matadoiro deberase realizar unha inspección previa delas na explotación, segundo o establecido no artigo 5 do Regulamento delegado (UE) 2019/624 da Comisión, do 8 de febreiro de 2019, relativo a normas específicas respecto á realización de controis oficiais sobre a produción de carne e respecto ás zonas de produción e reinstalación de moluscos bivalvos vivos.

a) A dita inspección deberá realizala o veterinario oficial ou un organismo delegado ou unha persoa física en quen a autoridade competente delegue as súas funcións de control oficial baixo a súa responsabilidade conforme o establecido nos artigos 28, 29 e 30 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis oficiais e outras actividades oficiais para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

b) Esta inspección incluírá, polo menos os aspectos establecidos no anexo VIII.

c) Se o seu resultado for favorable, expedirase un modelo de certificado sanitario axustado ao modelo establecido na parte I do anexo IV do Regulamento de execución (UE) 2020/2235 da Comisión, do 16 de decembro de 2020, polo que se establecen normas para a aplicación dos regulamentos (UE) 2016/429 e (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que respecta aos modelos de certificados zoonosanitarios, aos modelos de certificados oficiais e aos modelos de certificados zoonosanitarios oficiais para a entrada na Unión, e os desprazamentos dentro da Unión das partidas de determinadas categorías de animais e mercadorías, así como a certificación oficial relativa aos ditos certificados. O certificado sanitario deberá acompañar os animais ao matadoiro ou enviarse por adiantado en calquera formato; calquera observación pertinente para a inspección posterior da carne deberá rexistrarse no certificado sanitario.

2. Obrigas derivadas da inspección.

a) O propietario, o seu representante ou a persoa habilitada para dispor das aves de curral deberá facilitar as operacións de inspección antes do sacrificio das aves e, en particular, asistir o veterinario oficial, organismo delegado ou persoa física en quen a autoridade competente delegue as súas funcións de control oficial, en calquera manipulación que se xulgase útil. A inspección deberá realizarse antes do sacrificio, de acordo coas normas profesionais e en condicións de iluminación satisfactorias.

b) A autoridade competente establecerá os mecanismos de control necesarios para supervisar o labor da persoa física ou organismo delegado en quen se delegase a inspección, que incluírán a posta á disposición das certificacións sanitarias emitidas, así como a comprobación *in situ* destas actuacións en visitas periódicas ás explotacións avícolas.

3. Así mesmo, por petición do veterinario de explotación, a autoridade competente pode autorizar a matanza de aves na explotación, segundo as disposicións establecidas no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, do 24 de setembro, relativo á protección dos animais durante a matanza, e demais normativa europea e nacional concordante, ao final do seu ciclo produtivo, ou por razóns zootécnicas.

Artigo 11. *Xestión de esterco na explotación.*

1. O disposto neste artigo aplicarase a todas as explotacións avícolas.

2. O titular da explotación deberá presentar un plan de xestión e produción de esterco, incluído no SIXE, de acordo co anexo V.

3. O titular da explotación avícola é responsable de asegurar a rastrexabilidade dos esterco e acreditar a súa adecuada xestión conforme o disposto neste real decreto. Así

mesmo, facilitará ás administracións competentes na materia, incluída a ambiental, canta información se lle solicite e as actuacións de inspección que estas ordenen.

4. As explotacións que almacenen esterco na súa explotación deberán cubri-lo nun lugar cuxa soleira estea impermeabilizada e contar cun sistema de recollida de lixiviados para o seu correcto tratamento. A capacidade de almacenamento de esterco deberá ser suficiente e adecuada á xestión prevista no plan de xestión e produción de esterco.

5. Igualmente deberán contar con estruturas que eviten o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas.

6. Poderase manipular o esterco na propia explotación, coas precaucións necesarias para asegurar a protección da saúde humana ou a sanidade animal e do ambiente, sempre que non implique a mestura con esterco doutras explotacións, e sempre que o seu destino final sexa algún dos destinos descritos nas seguintes alíneas a) ou b):

a) Valorización agronómica: sen prexuízo do que estableza a normativa específica en materia de fertilización do solo e os criterios sanitarios que establece a normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, as explotacións deberán:

1.º Dispor de superficie agrícola suficiente, propia ou concertada, para a valorización agronómica dos esterco. A cantidade de esterco que se vaia aplicar na superficie agrícola deberá axustarse ao establecido no Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, e deberase calcular o contido de nitróxeno do esterco utilizando as bases zootécnicas para o cálculo do balance alimentario de nitróxeno e fósforo, publicadas na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou calquera outra ferramenta equivalente ou instrumento de medición directa ou indirecta autorizado pola autoridade competente da comunidade autónoma.

2.º A valorización levarase a cabo individualmente por cada explotación, ou a través dun programa de xestión común para varias explotacións, logo de autorización do órgano competente da comunidade autónoma.

3.º A aplicación directa á terra do esterco deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano.

b) Entrega a unha instalación ou operador autorizado, ou xestión do esterco dentro da explotación, conforme o que establece o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e/ou a Lei 22/2011, do 28 de xullo. As explotacións que entreguen esterco a unha instalación autorizada ou operador autorizado deberán acreditar a súa entrega mediante o correspondente contrato e mediante o rexistro de entregas á instalación e o arquivamento dos documentos comerciais, de acordo coa normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e/ou coa normativa de residuos.

Artigo 12. *Redución de emisións na explotación.*

1. Sen prexuízo das obrigas e prazos establecidos noutras normas, en especial no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, para aquelas explotacións incluídas no seu ámbito de aplicación, do disposto na Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos, e do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se

aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos:

a) As explotacións avícolas de galiñas, polos de carne e pavos de nova instalación, cunha capacidade máxima superior a 55 UGM de aves de curral das especies anteriores, deberán adoptar os requisitos que se especifican no punto 1 do anexo IX deste real decreto.

b) As explotacións existentes antes da publicación deste real decreto, de galiñas, polos de carne e pavos, cunha capacidade máxima superior a 55 UGM, deberán adoptar os requisitos establecidos no punto 2 do anexo IX deste real decreto, de acordo cos prazos establecidos no punto 2 e) da disposición derradeira sétima.

Alternativamente, estas explotacións poderán reducir a súa capacidade máxima autorizada para reducir o seu nivel de emisións de amoníaco a niveis equivalentes ás porcentaxes establecidas no dito punto.

2. Non obstante, se á vista dos informes anuais sobre a evolución dos límites de emisión fixados para España se detectan desviacións sobre a senda de redución establecida, adoptaranse medidas de redución ao resto de especies non recollidas no punto 1, de acordo co previsto na disposición derradeira sexta.

Artigo 13. Rexistro de Melloras Técnicas Dispoñibles (MTD) en explotacións avícolas.

1. Para garantir o cumprimento dos requisitos para a redución de emisións establecidos no artigo 12 da presente norma, utilizarase o Rexistro de Melloras Técnicas Dispoñibles en Explotacións, creado polo Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.

2. Este rexistro utilizarase para contabilizar, tanto en cada explotación como de forma agregada, os niveis de emisións de gases contaminantes e de gases de efecto invernadoiro, así como as mellores técnicas dispoñibles utilizadas en cada explotación para a redución de emisións.

3. O titular da explotación comunicaralle á autoridade competente da comunidade autónoma as mellores técnicas dispoñibles, empregadas para a redución de emisións de gases contaminantes e de gases de efecto invernadoiro durante o ano anterior, de acordo cos prazos establecidos no punto 2.f) da disposición derradeira sétima.

4. As autoridades competentes actualizarán a información do rexistro a través da información recibida nas notificacións efectuadas polos titulares das explotacións de galiñas, polos e pavos, de acordo co establecido no artigo 19.d).

5. Anualmente, as autoridades competentes das comunidades autónomas notificaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de abril, unha listaxe coa información sobre as mellores técnicas dispoñibles empregadas polas explotacións para o cumprimento do establecido no artigo 12. Para este efecto, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios habilitará procedementos informáticos para a sistematización da recollida da dita información.

6. Segundo o previsto no Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, o Sistema español de inventarios (SEI) elaborará e actualizará anualmente a información do sector agricultura do inventario de emisións, reflectindo no seu informe anual a evolución das emisións do sector avícola. Para iso, poderá ter en conta a información anual remitida polas comunidades autónomas ao Rexistro das MTD. O citado informe elevarase á Mesa de ordenación dos sectores gandeiros, creada polo Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, no seu artigo 18. O informe anual emitirase, por primeira vez, antes do 30 de xuño de 2023.

CAPÍTULO III

Movemento e identificación dos animais

Artigo 14. *Movemento dos animais e ovos para incubar das explotacións avícolas.*

1. O movemento intracomunitario de animais afectados por este real decreto rexeráse polo establecido nos artigos 124 e seguintes do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, e as importacións e as exportacións rexeráse polos artigos 229 e seguintes do dito regulamento e pola normativa sobre acordos específicos en exportacións. Cada movemento dos animais obxecto de regulación neste real decreto someteráse, ademais de ao disposto no dito regulamento e nas súas normas de desenvolvemento, aos requisitos establecidos pola Lei 8/2003, do 24 de abril, e polo Real decreto 728/2007 polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.

2. Sen prexuízo do que estableza a normativa da Unión en materia de sanidade animal, os movementos de animais entre as diferentes explotacións avícolas realizaránse conforme o que establece o anexo VI.

3. Calquera outro movemento que non figure no anexo VI necesitará da autorización expresa das autoridades competentes.

4. Para o movemento dentro do territorio nacional dos animais afectados por este real decreto, deberá acreditarse no certificado oficial de movemento nacional que se cumpren os requisitos xerais e os específicos que para cada caso se prevén no anexo VII. O dito certificado terá unha validez máxima, unha vez expedido, de cinco días.

Artigo 15. *Identificación dos animais e dos ovos para incubar.*

1. Todas as aves de curral e os ovos para incubar que abandonen unha explotación faránse en dispositivos de transporte precintados física ou electronicamente, de maneira que, para abrilos, sexa imprescindible a destrución do precinto e/ou quede rexistrada a súa apertura, así como a razón da súa apertura.

Para estes efectos, entenderáse por dispositivo de transporte calquera sistema utilizado para trasladar as aves de curral e os ovos para incubar entre explotacións ou outras instalacións relacionadas, o que inclúe gaiolas, caixas, bandexas e elementos dos vehículos de transporte que albergan a carga e que asegure, en todo momento, unha separación clara entre animais de orixes diferentes.

No caso do transporte de pitos dun día de vida realizado en caixas, estas poderán non precintarse. Tampouco será necesario o precintado para aves de recría que se transporten a outras explotacións para vida e deberán identificarse en calquera caso mediante un sistema que permita coñecer a súa orixe.

No suposto de que os vehículos de transporte utilizados para os traslados conteñan animais procedentes dunha única orixe e cun único destino, será suficiente con precintado o dispositivo de carga do vehículo que alberga as aves no seu conxunto.

2. Cada gaiola ou dispositivo onde se transporten os animais portará, nos correspondentes precintos, unha marca indeleble e lexible que identificará, de maneira inequívoca, a explotación de orixe das aves de curral transportadas. A marca indicará o código de explotación de acordo coa estrutura e na orde establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

CAPÍTULO IV

Autorización e rexistro de explotaciónsArtigo 16. *Rexistro de Explotacións Avícolas.*

1. O Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conterá a información relativa a todas as explotacións avícolas situadas en España. No caso dos matadoiros, este rexistro entenderase sen prexuízo do establecido no Real decreto 191/2011, do 29 de novembro, sobre rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións avícolas que se localicen no seu ámbito territorial de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conforme as clasificacións establecidas no artigo 3 deste real decreto, no cal se farán constar todos os datos establecidos no seu anexo II, salvo os seus puntos B.8) e B.10).

3. Os rexistros das comunidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

4. No caso das explotacións de polos destinados á produción de carne, incluírase a información relativa á densidade máxima autorizada no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e de acordo co Real decreto 692/2010, do 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección de polos destinados á produción de carne e se modifica o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.

5. Os titulares das explotacións de autoconsumo, tal e como se definen no artigo 2.h), estarán obrigados a efectuar unha comunicación previa para que se inclúan no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

Artigo 17. *Libro de rexistro.*

1. Os titulares das explotacións deberán manter de maneira actualizada un rexistro de explotación denominado, en diante, libro de rexistro.

2. O libro de rexistro xestionarase de forma manual ou informatizada, e será accesible para a autoridade competente, incluída a autoridade ambiental, por petición desta, durante o período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior a tres anos despois da fin da actividade da explotación.

3. O libro de rexistro conterá, polo menos, os datos recollidos no anexo X, sen prexuízo de calquera outra información que estableza a normativa vixente.

Artigo 18. *Autorización e rexistro de novas explotacións, ampliación das existentes ou cambio de orientación zootécnica das explotacións existentes.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, para poder inscribir as explotacións no Rexistro de Explotacións Avícolas que establece o artigo 16, salvo as de autoconsumo, deberán ter sido autorizadas previamente pola autoridade competente conforme o disposto no artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril. Pola súa vez, para poder ser autorizadas, as explotacións deberán acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

2. Para os efectos da citada autorización, poderá concederse unha autorización provisional en función do proxecto de instalación de nova explotación, ou de ampliación da xa existente, que será sometida á posterior comprobación pola autoridade competente, que comprobará que, unha vez finalizada, se levou a cabo a instalación ou a ampliación conforme o proxecto con base no cal se concedeu a autorización provisional.

3. As autorizacións poderán ser suspendidas ou extinguidas pola autoridade competente que as concedeu, polo menos nos seguintes supostos:

- a) Cando deixen de cumprir de forma sobrevida requisitos esenciais necesarios para a súa concesión.
- b) Se se sospeita ou se confirma que a autorización se concedeu con base en datos ou documentación falsos ou incorrectos.
- c) Se a nova explotación ou a ampliación da existente non se executou, no esencial, conforme o proxecto presentado ante a autoridade competente.

4. Poderá concederse unha autorización de ampliación ou de cambio de orientación zootécnica, sempre que se cumpra cos requisitos establecidos neste real decreto.

5. Sen prexuízo do que establece o punto anterior, a autoridade competente poderá conceder unha autorización de ampliación ou de cambio de orientación zootécnica ás explotacións debidamente autorizadas e inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, aínda que non cumpran coas condicións sobre localización e separación sanitaria que establece o artigo 8, sempre que a ampliación da explotación ou o cambio de orientación zootécnica non implique unha redución das distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio, nin, a xuízo da autoridade competente, un incremento do risco sanitario.

6. En todos os casos, o sentido do silencio administrativo das solicitudes será desestimatorio, de acordo co previsto no artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 19. *Obrigas dos titulares das explotacións.*

Sen prexuízo das obrigas derivadas da aplicación da normativa vixente, os titulares das explotacións avícolas deberán:

- a) Levar e manter debidamente actualizado o libro de rexistro conforme o que se establece no artigo 17 e telo á disposición das autoridades competentes, incluídas as ambientais.
- b) Manter os rexistros documentais que aseguren o cumprimento das condicións establecidas neste real decreto e, especificamente, os resultados das análises para o control de salmonelas previstas no artigo 4.2 do Real decreto 1940/2004, do 27 de setembro, sobre a vixilancia das zoonoses e os axentes zoonóticos, que se gardarán por un período non inferior a tres anos.
- c) Ter en conta para a adopción de medidas correctoras os resultados de todas as análises pertinentes efectuadas en mostras tomadas de animais ou outras mostras que teñan importancia para a saúde humana.
- d) Comunicarlles ás autoridades competentes as mellores técnicas dispoñibles aplicadas na explotación conforme o disposto no artigo 12.3 no momento da entrada en vigor da dita obriga, conforme o punto 2.f) da disposición derradeira sétima. Posteriormente deberán presentar anualmente, antes do 1 de marzo de cada ano, unha declaración anual das mellores técnicas dispoñibles aplicadas na súa explotación durante o ano anterior, sempre que se incorporasen novas ou se modificasen as existentes, conforme o que establece o artigo 13, no formato que determine a autoridade competente da comunidade autónoma.
- e) Ter, salvo nas excepcións previstas nos puntos 3, 5 e 6 do artigo 1, á disposición da autoridade competente, incluída a autoridade ambiental, o sistema integral de xestión das explotacións avícolas previsto no artigo 9 do presente real decreto, debidamente actualizado, para a súa supervisión e control.
- f) Facilitarlle á autoridade competente, conforme o establecido no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo:

- 1.º A información necesaria para o rexistro da súa explotación.

2.º A información relativa aos cambios que se produzan nos datos da súa explotación.

3.º A información relativa ao censo dos animais antes do 1 de marzo de cada ano, e deberá comunicar:

i) Para as explotacións de produción (excepto produción para posta) e as de recría de aves de cría ou reprodutora e recría de aves de explotación ou de produción: o número de animais que se correspondan coa última entrada de aves efectuada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior ao da comunicación do dito censo.

ii) Para as explotacións avícolas de selección, multiplicación e produción para posta: o censo presente na explotación en 31 decembro do ano anterior ao de comunicación do dito censo.

iii) Para as incubadoras: o número de ovos incubados ao ano.

No caso de que nunha mesma explotación se utilicen sistemas de cría diferentes, será obrigatorio indicar o censo de cada un dos ditos sistemas.

g) Prover de medios de información e de formación adecuada, de conformidade co que establece o artigo 4.2, de acordo cos contidos que establece a normativa en vigor e a autoridade competente.

h) Permitir a realización de controis oficiais para verificar o cumprimento dos requisitos desta norma por parte da autoridade competente.

CAPÍTULO V

Controis e réxime sancionador

Artigo 20. Controis sobre o terreo e mecanismos de coordinación entre autoridades competentes.

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas, en función das competencias outorgadas, realizarán os controis necesarios, incluídos sobre o terreo, para comprobar o cumprimento das condicións e requisitos que establece este real decreto.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xunto co Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, en colaboración coas comunidades autónomas, instrumentará mecanismos de coordinación que aseguren unha aplicación homoxénea deste real decreto en todo o territorio nacional a través da Mesa de Coordinación da Ordenación, creada polo Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro. A coordinación da execución dos controis sobre o terreo realizarase a través dun programa de controis harmonizado e presentado pola propia mesa de coordinación, que sentará as bases para a execución dos controis oficiais por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas.

3. Sen prexuízo do disposto no Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, as comunidades autónomas que establezan programas facultativos de loita contra enfermidades animais deberanlle notificar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

- a) A situación da enfermidade no seu territorio.
- b) A xustificación do programa pola importancia da enfermidade e as súas vantaxes desde o punto de vista da relación custo/beneficio.
- c) A zona xeográfica en que se vai aplicar o programa.
- d) Os diferentes estatutos aplicables ás granxas e as normas que se deberán alcanzar en cada categoría, así como os procedementos de proba.
- e) Os procedementos de control do dito programa.

f) As consecuencias que se deben deducir da perda do estatuto por parte da granxa, polo motivo que sexa.

g) As medidas que se deben tomar no caso de observarse resultados positivos durante os controis realizados conforme as disposicións do programa.

Artigo 21. *Réxime sancionador.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; a Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

2. En caso de incumprimento do disposto nos artigos 6.6, 9, 11, 12, 13 e 19 e concordantes deste real decreto, será de aplicación, segundo proceda, o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo; a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados; a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, ou o Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.

3. O disposto nos puntos anteriores aplicarase sen prexuízo das responsabilidades ambientais, civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Non incremento de gasto.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento do gasto público.

Disposición adicional segunda. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

As mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro da Unión Europea ou en Turquía, ou orixinarias dun Estado da AELC signatario do Acordo EEE e comercializadas legalmente nel, consideraranse conformes coa presente disposición. A aplicación da presente disposición está suxeita ao Regulamento (UE) 2019/515 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2019, relativo ao recoñecemento mutuo de mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 764/2008, ou norma que o substitúa.

Disposición adicional terceira. *Aplicabilidade das recomendacións do Consello de Europa.*

Sen prexuízo do previsto nesta norma, será de aplicación o contido da Recomendación relativa aos patos domésticos (*Anas platyrhynchos*), adoptada polo Comité Permanente do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 22 de xuño de 1999; da Recomendación relativa aos patos crioulos ou de Berbería (*Cairina moschata*) e aos híbridos de patos crioulos e de patos domésticos (*Anas platyrhynchos*), adoptada polo Comité Permanente do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 22 de xuño de 1999; da Recomendación relativa aos gansos domésticos (*Anser f. domesticus* e *Anser cygnoides f. domesticus*) e os seus cruzamentos, adoptada polo Comité Permanente do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 22 de xuño de 1999; da Recomendación relativa aos pavos (*Meleagris gallopavo ssp*), adoptada polo Comité Permanente do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 21 de xuño de 2001; da Recomendación relativa ás galiñas domésticas (*Gallus gallus*), adoptada polo Comité Permanente do Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 28 de novembro de 1995, e da Recomendación relativa ás aves corredoras (avestruces, emús e ñandús), adoptada polo Comité Permanente do

Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras o 22 de abril de 1997.

Mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», e a través da páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, darase publicidade ao contido das mencionadas recomendacións.

Disposición transitoria primeira. *Rexistro e autorización de explotacións.*

1. Non obstante o previsto nos artigos 16 e 18, as explotacións xa inscritas no rexistro previsto no artigo 6, ou as xa autorizadas conforme o artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, manterán tal inscrición ou autorización, sen prexuízo de que, en caso de ampliación das instalacións, lles sexa aplicable o artigo 18.

2. Así mesmo, os titulares das explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberanlle comunicar á autoridade competente os datos necesarios para actualizar a súa clasificación zootécnica no rexistro, conforme o establecido no artigo 3, no prazo que aquela determine e non superior a 18 meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

3. Así mesmo, salvo nos supostos previstos no punto 2 da disposición derradeira sétima, os titulares de explotacións existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto disporán dun prazo de seis meses para adaptarse ao previsto nesta norma e realizar as comunicacións de que se trate á autoridade competente da comunidade autónoma, para que esta actualice a información exixible respecto de cada explotación.

Disposición transitoria segunda. *Resolución de expedientes en tramitación.*

Os expedientes correspondentes a explotacións en fase de autorización e respecto dos cales non se ditase resolución firme na vía administrativa resolveranse conforme a aplicación da normativa en vigor no momento de presentación da solicitude.

Sen prexuízo diso, a autoridade competente, para os efectos do artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, poderá aplicar a previsión de autorización provisional sobre o proxecto presentado a que se refire o artigo 18.2.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación de avicultura de carne, e o Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e se regula o plan sanitario avícola.

2. O Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros.

3. Queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango en todo aquilo que se opoña ao presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 692/2010, do 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne e se modifica o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.*

Un. Os puntos 1 e 2 do artigo 6 quedan redactados como segue:

«1. O titular da explotación asegurarse de que todas as persoas que traballan coas aves nela teñan unha formación adecuada e suficiente, de acordo cos principios recollidos no artigo 4.2 do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas.

2. O titular da explotación ou, se for o caso, a entidade integradora, deberá pór á disposición de todas as persoas que traballan coas aves os cursos de

formación a que se refire o dito punto e que conterán información relativa aos temas que figuran no anexo IV.»

Dous. O anexo IV queda modificado como segue:

«ANEXO IV

Formación

Os cursos de formación recollidos no artigo 6.2 deberán abordar, ademais da información contida no anexo IV do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas, os temas contidos nos anexos I e II desta norma.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.*

O artigo 3.1 queda modificado como segue:

«1. Os propietarios ou posuidores de galiñas poñedoras deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos no Real decreto 348/2000, os requisitos xerais que se establecen no anexo I do presente real decreto. O titular da explotación asegurarse de que todas as persoas que traballan con aves nela teñan unha formación adecuada e suficiente, de acordo cos principios recollidos no artigo 4.2 do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas. Os cursos terán o contido establecido no anexo IV do dito real decreto.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

As disposicións deste real decreto terán o carácter de normativa básica estatal, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Adicionalmente, os artigos 4 a 10 dítanse conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade.

Os artigos 11 a 13, 20.1 e 21 dítanse conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1, nas súas regras 13.^a, 16.^a e 23.^a, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente.

E o artigo 14.1 dítase ao abeiro do primeiro inciso do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira cuarta. *Facultade de modificación.*

Facúltanse os titulares dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación, e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para modificaren conxuntamente o contido dos anexos, para a súa adaptación á normativa europea.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse as persoas titulares dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación, e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para ditaren as disposicións necesarias para o cumprimento do disposto neste real decreto, en particular, para elaborar dunha norma relativa ao benestar das aves de curral, co fin de incorporar plenamente ao ordenamento xurídico interno as recomendacións do Consello de Europa.

Disposición derradeira sexta. *Mecanismo de salvagarda en relación cos límites nacionais de emisións.*

1. Para garantir o cumprimento dos requisitos para a redución de emisións establecidos no artigo 4.3 do Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, a Mesa de Ordenación dos Sectores Gandeiros avaliará, anualmente, os informes sobre emisións do sector avícola, así como a traxectoria lineal da súa evolución.

2. Se á vista dos informes correspondentes aos anos 2023, 2024 e 2025 desta análise deriva que pode existir un risco de desviación da traxectoria lineal establecida entre os límites de emisión fixados para España para os anos 2020 e 2030, a Mesa propondrá, antes do 1 de xuño do ano 2026, o establecemento de medidas adicionais ás propostas no artigo 13 deste real decreto, que se deberán aplicar a partir do 31 de decembro de 2026.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o previsto no parágrafo anterior:

a) Os requisitos en materia de formación establecidos no artigo 4.2 entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2023, sen menoscabo das exixencias nesta materia establecidas no Real decreto 692/2010, do 20 de maio, e o Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro.

b) Para as explotacións existentes exclusivamente, os requisitos en materia de bioseguridade, hixiene, infraestruturas, equipamento e manexo e condicións hixiénico-sanitarias que establecen os artigos 5 e 6 entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2024. Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, as explotacións de avicultura de carne deberán cumprir as exixencias nesta materia establecidas no Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, ata a dita entrada en vigor.

c) Para calquera explotación avícola, incluídas as xa existentes antes da entrada en vigor deste real decreto, a obriga de contar cun sistema integral de xestión das explotacións avícolas que establece o artigo 9 entrará en vigor a partir do 1 de xullo de 2022.

d) O artigo 11 entrará en vigor aos tres meses da publicación do presente real decreto.

e) Os requisitos en materia de redución de emisións para as explotacións existentes que establece o punto 1 do artigo 12 entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2024, sempre que impliquen unha modificación estrutural da explotación, ou a partir do 1 de xuño de 2023 se non implican a dita modificación estrutural.

f) Os requisitos relativos á comunicación das mellores técnicas dispoñibles que establece o punto 3 do artigo 13, así como os requisitos relativos ao rexistro e contabilización de emisións e mellores técnicas dispoñibles que establece o artigo 13, entrarán en vigor a partir do 1 de xullo de 2022.

g) O artigo 16.4 entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

Dado na Embaixada de España en Lima o 27 de xullo de 2021.

FELIPE R.

ANEXO I

Táboa de equivalencias de UGM

| Especie | UGM | N.º de animais/UGM |
|---------------------------------|--------|--------------------|
| GALIÑAS POÑEDORAS. | 0,005 | 200 |
| POLIÑA DE RECRÍA. | 0,001 | 1.000 |
| GALIÑAS REPRODUTORAS PESADAS. | 0,005 | 200 |
| GALIÑAS REPRODUTORAS LIXEIRAS. | 0,004 | 250 |
| POLO DE ENGORDA (BRÓILER). | 0,003 | 333 |
| PAVO REPRODUTOR. | 0,01 | 100 |
| PAVO DE ENGORDA. | 0,005 | 200 |
| PATO REPRODUTOR. | 0,006 | 167 |
| PATO DE ENGORDA. | 0,003 | 333 |
| GALIÑA DE GUINEA. | 0,007 | 143 |
| GANSO REPRODUTOR. | 0,006 | 167 |
| GANSO DE ENGORDA. | 0,003 | 333 |
| AVESTRUZ. | 0,33 | 3 |
| PERDIZ REPRODUTORA. | 0,002 | 500 |
| PERDIZ DE ENGORDA. | 0,0009 | 1.111 |
| PASPALLÁS REPRODUTOR E POÑEDOR. | 0,0009 | 1.111 |
| PASPALLÁS DE ENGORDA. | 0,0004 | 2.500 |
| FAISÁN REPRODUTOR. | 0,006 | 167 |
| FAISÁN DE ENGORDA. | 0,003 | 333 |
| POMBA. | 0,002 | 500 |

ANEXO II

Sistemas de cría das aves de curral

| Tipo de explotación | Sistemas de cría | Requisitos mínimos |
|------------------------|-------------------------------------|---|
| PRODUCCIÓN PARA CARNE. | CRÍA ECOLÓXICA. | Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, e a partir do 1 de xaneiro de 2022; Regulamento (CE) n.º 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) 834/2007 do Consello. |
| | CAMPEIRO CRIADO EN TOTAL LIBERDADE. | Alínea e) do anexo V do Regulamento 543/2008 polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento 1307/2007 do Consello no que atinxe á comercialización de carne de aves de curral, e Regulamento 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados agrícolas. |
| | CAMPEIRO TRADICIONAL. | Alínea d) do anexo V do Regulamento 543/2008 da Comisión, do 16 de xuño de 2008, e Regulamento 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados agrícolas. |
| | CAMPEIRO. | Alínea c) do anexo V do Regulamento 543/2008 e Regulamento 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados agrícolas. |
| | EXTENSIVO EN INTERIOR. | Alínea b) do anexo V do Regulamento 543/2008 da Comisión, do 16 de xuño de 2008, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento 1307/2007 do Consello no que atinxe á comercialización de carne de aves de curral. |
| | GALIÑEIRO EN INTERIOR. | Real decreto 692/2010, do 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne. |
| DE POSTA. | ECOLÓXICA. | Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, e a partir do 1 de xaneiro de 2022 Regulamento (CE) n.º 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018. Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras. |
| | CAMPEIRA. | Anexo II do Regulamento (CE) 589/2008 da Comisión, do 23 de xuño de 2008, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no que atinxe ás normas de comercialización |
| | EN CHAN. | dos ovos; Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, e Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo |
| | EN GAIOLA. | que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Establecementos de Galiñas Poñedoras. |

ANEXO III

Contido mínimo da enquisa para a avaliación da bioseguridade e outros aspectos zosanitarios nas explotacións avícolas no marco das visitas zosanitarias

1. Distancias mínimas legais e distancias a fontes de risco.
2. Illamento perimetral.
3. Acceso e rexistro de vehículos (vao sanitario ou sistema equivalente, aparcamento dos vehículos e arco de desinfección).
4. Acceso de persoas e vestiarios (vestiarios, roupa e calzado de traballo, roupa e calzado para visitas, indicacións para o persoal).
5. Operacións de limpeza e desinfección, desinsectación e desratización das instalacións e o seu control documental.
6. Operacións de carga e descarga de animais (puntos de carga e descarga).
7. Operacións de carga e descarga de penso (sistemas de alimentación, carga e descarga de penso) e sistemas adecuados de almacenamento de pensos na explotación para evitar contaminación, deterioración e acceso a eles de animais domésticos e silvestres.
8. Subministración de auga (calidade da auga, estado de depósitos e conducións).
9. Xestión de cadáveres (retirada de cadáveres, rexistro da información).

10. Operacións de carga e xestión de esterco (plan de produción e xestión de esterco).
11. Persoal (xestión de persoal, formación, bioseguridade entre unidades de produción ou fases).
12. Rexistro de visitas, incluíndo as visitas do veterinario.
13. Entrada de animais (reposición, movementos, rexistros).
14. Vixilancia sanitaria e control veterinario (pertenza a ADS, instalación para illamento de animais, plan sanitario, rexistros).
15. Conservación, orde e limpeza das instalacións (mantemento, estado de limpeza e desinfección, plan LDDD, rexistros).
16. Outros animais na explotación.
17. Presenza e almacenamento de medicamentos na explotación (existe receita que xustifique a presenza de medicamentos, as cantidades existentes concordan co prescrito menos o dispensado...).

ANEXO IV

Contido mínimo dos cursos de formación para o persoal que traballe con gando avícola

1. Características da produción avícola:
 - a) Características xerais das aves e principais especies avícolas de interese produtivo.
 - b) Morfoloxía e fisioloxía do gando avícola.
 - c) Alimentación e sistemas de aloxamento. Necesidades dos animais.
2. Manexo (en función da actividade concreta que se vaia desenvolver):
 - a) Principais técnicas de manexo en polos de engorda (fase de cría, recría e produción).
 - b) Principais técnicas de manexo en galiñas poñedoras.
 - c) Principais técnicas de manexo en galiñas reprodutoras, de recría e adultas.
 - d) Principais técnicas de manexo noutras especies.
 - e) Manexo dos ovos (recollida, clasificación e comercialización).
3. Sanidade animal, hixiene e bioseguridade:
 - a) Hixiene e bioseguridade en explotacións avícolas e, especificamente, en explotacións con acceso ao aire libre.
 - b) Actuacións na prevención e control de enfermidades animais.
 - c) Inspección e observación de animais enfermos.
 - d) Recoñecemento dos síntomas/síndromes asociados ás enfermidades de declaración obrigatoria.
 - e) Interacción entre saúde animal, benestar dos animais e saúde humana.
 - f) Resistencia aos tratamentos, incluída a resistencia antimicrobiana e as súas consecuencias.
4. Benestar animal:
 - a) Comportamento animal: diferenzas entre as distintas especies avícolas.
 - b) Matanza de emerxencia.
5. Xestión ambiental e loita contra o cambio climático das explotacións:
 - a) Almacenamento de esterco.
 - b) Xestión de esterco.

- c) Xestión dos residuos, xerados na explotación gandeira, perigosos e non perigosos, incluíndo a xestión de residuos veterinarios e residuos de pensos medicamentosos.
 - d) Xestión de emisións, ruídos e cheiros.
 - e) Consumo de auga e enerxía.
- 6. Rexistro de información e documentación que se deben manter na explotación.
 - 7. Normativa vixente no ámbito europeo, nacional, autonómico e local relacionada.

ANEXO V

Contido mínimo do Sistema integral de xestión das explotacións avícolas

- 1. Identificación do veterinario da explotación.
- 2. Plan de limpeza e desinfección, desinsectación e desratización das instalacións documentado (traballadores encargados, produtos utilizados –incluídos biocidas–, o seu almacenamento, rexistro de actividades, monitorización de eficacia...).
- 3. Plan de mantemento das instalacións.
- 4. Plan de hixiene no almacenamento e xestión da alimentación animal na explotación, incluído o control das fontes de subministración de auga.
- 5. Valoración das medias de antibióticos utilizados na granxa con periodicidade adecuada segundo o tamaño da explotación. Definirase un límite de consumo total a partir do cal se deberá avaliar establecer medidas correctoras.
- 6. Plan de formación en materia de benestar animal, ambiente, bioseguridade, sanidade, hixiene, manexo dos animais e prevención de resistencias antimicrobianas e as súas consecuencias.
- 7. Plan de recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, con vistas á súa retirada e eliminación.
- 8. Sistema de xestión dos residuos xerados na explotación, perigosos e non perigosos (medicamentos, pensos medicamentosos non utilizados, envases, material sanitario funxible...), incluíndo a identificación dos xestores autorizados en materia de residuos de destino.
- 9. Plan de xestión ambiental:
 - a) Medidas para a optimización do uso de auga e enerxía.
 - b) Medidas para o control de emisións de partículas e cheiros.
 - c) Plan de produción e xestión de esterco. Este plan incluirá, como mínimo, as seguintes cuestións:
 - i. Sistema de recollida e instalacións previstas para o almacenamento de esterco.
 - ii. Produción anual estimada de esterco.
 - iii. Descrición da xestión prevista para os esterco, sinalando a contía daqueles que se destinarán directamente á súa aplicación en solos agrícolas e as contías daqueles que se destinarán a instalacións de tratamento autorizado.
 - iv. Superficie agrícola ou forestal para a utilización dos esterco polo produtor e identificación das parcelas destinatarias, así como a identificación dos operadores autorizados aos cales se entregue o esterco ou, se for o caso, as instalacións de tratamento autorizadas de destino dos esterco.
- 10. Plan sanitario encamiñado ao control de enfermidades, tanto de declaración obrigatoria como aquelas que sexan de interese para a propia explotación, para a comarca, provincia ou comunidade autónoma. Este programa debe incluír tamén un bloque de medidas encadradas nun plan de hixiene e bioseguridade e un plan de racionalización do uso de antibióticos, en que se inclúan indicadores de seguimento.
- 11. Plan de benestar animal, co seguinte contido mínimo:
 - a) Descrición das condicións estruturais e ambientais da explotación.

b) Avaliación de factores de risco para o benestar dos animais, incluíndo o risco de desastres naturais (tales como inundacións, terremotos ou incendios), de acordo coas características do lugar onde se encontra a explotación.

c) Plan de continxencia en caso de corte de subministración de auga para garantir o acceso libre á auga.

ANEXO VI

Movementos entre explotacións gandeiras

| Orixe | Destino | | | | | | | | |
|--|------------|-----------|----------------|---|---|-----------|-----------|----------------------------|--------------------------------|
| | Incubadora | Selección | Multiplicación | Recría de aves de cría ou reproductoras | Recría de aves de explotación ou de produción | Produción | Matadoiro | Explotación de autoconsumo | Tratante ou operador comercial |
| Incubadora. | X | X | X | X | X | X | | X | X |
| Selección. | X | | X | X | | | X | | |
| Multiplicación. | X | | | | X | X | X | X | |
| Recría de aves de cría ou reproductoras. | | X | X | X | | | X | X | X |
| Recría de aves de explotación ou de produción. | | | | | | X | X | X | X |
| Produción. | | | | | | | X | X | X |
| Tratante ou operador comercial. | | | | | | X | X | X | X |

* No caso de explotacións de palmípedas graxas, permitirase o movemento de explotacións de produción a explotacións de ceba de palmípedas graxas.

ANEXO VII

Certificación oficial para o movemento nacional

Requisitos do movemento

Requisitos xerais

As aves de cría, de explotación, para matadoiro e para subministración de caza de repoboación, os ovos para incubar e os pitos dun día deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Procederán de explotacións que deberán:
 - a) Dispor da autorización da autoridade competente da comunidade autónoma.
 - b) Non estar suxeitas, no momento da expedición, a ningunha medida de policía sanitaria aplicable ás aves de curral.
2. As caixas, a colocación das gaiolas e os medios de transporte deberán estar concibidos de tal modo que:
 - a) Eviten a perda de excrementos e reduzan na medida do posible a perda de plumas durante o transporte.
 - b) Faciliten a observación das aves.

c) Permitan a limpeza e a desinfección.

3. Os medios de transporte e, se non son de uso único, tamén os contedores, caixas e gaiolas deberán ser limpados e desinfectados antes de utilizalos de novo, segundo as instrucións da autoridade competente da comunidade autónoma de que se trate.

Requisitos específicos

A. Aves para matadoiro: deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Ser consideradas aptas para o seu sacrificio nunha inspección *ante mortem* efectuada na explotación de procedencia nos tres días anteriores á súa chegada ao matadoiro. Esta inspección levarase a cabo de acordo co establecido no artigo 10 e no anexo VIII deste real decreto.

2. As aves deberán enviarse canto antes ao matadoiro destinatario sen que entren en contacto con outras aves.

B. Ovos para incubar.

1. Deberán ser transportados:

- a) En embalaxes novas de uso único concibidas para este fin, que se usarán unha soa vez e serán destruídas, ou
- b) En embalaxes que poderán ser reutilizadas logo de limpeza e desinfección.

As lendas que deban figurar na embalaxe inscribíranse con tinta indeleble de cor negra e en caracteres de, polo menos, 20 milímetros de alto por 10 milímetros de largo; os trazos serán de 1 milímetro de grosor.

2. En calquera caso, as embalaxes deberán:

a) Conter soamente ovos para incubar da mesma especie, categoría e tipo de ave e procedentes da mesma explotación.

b) Indicar na súa etiqueta:

- 1.º O nome do Estado membro e da rexión de orixe.
- 2.º O número de rexistro da explotación de orixe.
- 3.º A mención «Ovos para incubar».
- 4.º O número de ovos contidos.
- 5.º A especie de ave de curral.

3. Deberán estar identificados conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 617/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no que respecta ás normas de comercialización dos ovos para incubar e dos pitos de aves de curral.

C. Pitos dun día.

1. Deberán proceder de ovos para incubar que reúnan as condicións anteriormente sinaladas.

2. Non presentarán no momento da súa expedición ningún síntoma que permita sospeitar a existencia de enfermidade infecciosa.

3. Os pitos dun día de vida deberán ser transportados:

- a) En embalaxes novas de uso único concibidas para este fin, que se usarán unha soa vez e serán destruídas, ou
- b) En embalaxes que poderán ser reutilizadas logo de limpeza e desinfección.

4. En calquera caso, as embalaxes deberán:
 - a) Conter soamente pitos dun día de vida da mesma especie, categoría e tipo de ave e procedentes da mesma explotación.
 - b) Indicarase na súa etiqueta:
 - 1.º O nome do Estado membro e da rexión de orixe.
 - 2.º O número de rexistro da explotación de orixe.
 - 3.º O número de pitos contidos.
 - 4.º A especie de ave de curral.
5. Os pitos dun día deberán enviarse canto antes á explotación destinataria sen que entren en contacto con outras aves vivas.
 - D. Aves de curral.
 1. Procederán de explotacións que non se encontren sometidas a ningún tipo de restrición por motivos sanitarios.
 2. As aves de cría ou de explotación deberán ser transportadas en caixas ou gaiolas:
 - a) Que só conteñan aves de curral da mesma especie, categoría e tipo, e que proveñan da mesma explotación.
 - b) Que leven o número de autorización sanitaria da explotación de orixe.
 - c) Pechadas segundo as instrucións da autoridade competente de tal maneira que se evite toda posibilidade de substitución do contido.
 3. As aves de cría e de explotación deberán enviarse canto antes á explotación destinataria sen que entren en contacto con outras aves vivas.

ANEXO VIII

Aves de curral con destino a sacrificio

Requisitos para a inspección «ante mortem» en granxa

1. A inspección ante mortem na explotación de orixe incluírá, polo menos, os aspectos seguintes:
 - a) En función da especie de aves de curral, examínanse os rexistros do criador (folla de rexistro de datos da manda), que deberán incluír, como mínimo, os datos seguintes:
 1. Día de chegada das aves.
 2. Procedencia das aves.
 3. Número de aves.
 4. Rendemento efectivo en función do sistema produtivo (por exemplo, aumento de peso).
 5. Mortalidade.
 6. Provedores de pensos.
 7. Tipo e período de utilización dos aditivos e prazo de espera.
 8. Consumo de pensos e de auga.
 9. Análises e diagnósticos do veterinario e, se for o caso, resultados das análises de laboratorio.
 10. Tipo de medicamento que, se for o caso, se lles administre ás aves, data do inicio e do final da súa administración (ou, se for o caso, referencia ao rexistro de tratamentos).
 11. Datas e tipos de vacinas que, se for o caso, se aplicasen (ou, se for o caso, referencia ao rexistro de tratamentos).

12. Resultados das inspeccións sanitarias anteriores efectuadas sobre as aves de curral procedentes da mesma manda.
 13. Número de aves enviadas ao matadoiro.
 14. Data prevista para o sacrificio.
- b) Exame físico das aves para determinar:
1. Se teñen unha enfermidade ou afección que se poida transmitir aos animais ou ás persoas ao manipular ou consumir a carne das ditas aves, ou se se comportan, individual ou colectivamente, dunha maneira que indique que se produciu tal enfermidade.
 2. Se presentan alteracións da conduta xeral, signos de enfermidade ou anomalías que poidan facer que a carne de tales aves non sexa apta para o consumo humano.
 3. Se existen indicios ou motivos para sospeitar que as aves poden conter residuos químicos por riba dos niveis fixados na lexislación da Unión, ou residuos de substancias prohibidas.
 4. Se presentan indicios de problemas relacionados co benestar animal, incluída unha sucidade excesiva.
 5. Se son aptas para o transporte.
- c) Verificación, con base nos rexistros de explotación, de que se respectan os tempos de espera dos tratamentos veterinarios aplicados.
- d) Revisión dos resultados da detección de axentes zoonóticos. Non se poderán enviar aves ao matadoiro se non dispoñen dos resultados das análises que se establecen nos programas nacionais de control de salmonela.

ANEXO IX

Medidas para a redución de gases contaminantes

Co fin de cumprir cos requisitos de redución de amoníaco, establecidos no Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, e para controlar as emisións de amoníaco, as explotacións gandeiras deberán adoptar as seguintes medidas, que se basean no Código marco de boas prácticas agrarias da CEPE/ONU e nas actualizacións das mellores técnicas dispoñibles definidas no artigo 3.10 da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, e establecidas para este sector na Decisión 2017/302 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos:

1. As explotacións de nova instalación, de galiñas, polos e pavos, cunha capacidade máxima superior a 55 UGM, deberán adoptar as seguintes medidas:
 - Para reducir o nitróxeno total excretado e as emisións de amoníaco e satisfacer ao mesmo tempo as necesidades nutricionais dos animais, deberán utilizar unha estratexia nutricional e unha formulación de pensos que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación e administrar unha alimentación multifase dependendo dos diferentes requisitos nutricionais segundo a etapa produtiva.
 - Para reducir as emisións de amoníaco á atmosfera de cada nave, deberá adoptarse unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a súa redución en, polo menos, un 60 % con respecto á técnica de referencia.
2. As explotacións existentes previas á publicación deste real decreto, de galiñas, polos e pavos, con capacidade máxima superior a 55 UGM, deberán adoptar as seguintes medidas:
 - Para reducir o nitróxeno total excretado e as emisións de amoníaco e satisfacer ao mesmo tempo as necesidades nutricionais dos animais, deberán utilizar unha estratexia

nutricional e unha formulación de pensos que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación e administrar unha alimentación multifase dependendo dos diferentes requisitos nutricionais segundo a etapa produtiva.

– Para reducir as emisións de amoníaco á atmosfera de cada nave, deberá adoptarse unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a súa redución en, polo menos, un 30 % con respecto á técnica de referencia.

As técnicas de referencia a que se fai mención nos puntos 1 e 2 para a redución de emisións de amoníaco na nave son as que se identifican no «Código marco de boas prácticas agrarias para reducir as emisións de amoníaco CEPE/ONU (ECE/EB.AIR/120)» do UN Economic and Social Council, do 7 de febreiro de 2014.

ANEXO X

Contido mínimo do libro de rexistro

O libro de rexistro conterá, con carácter xeral, os seguintes datos:

- a) Código da explotación.
- b) Nome e enderezo da explotación.
- c) Identificación do titular e enderezo completo.
- d) Clasificación da explotación, desagregada por cada unha das establecidas no artigo 3.
- e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta, se for o caso, e identificación do veterinario actuante.
- f) Capacidade máxima de animais anual. Se procede, deberá indicarse por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1.
- g) Entrada de lotes de animais: data, cantidade de animais e, se procede, categoría á cal pertencen, desagregada por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1; código da explotación de procedencia e número de guía ou certificado sanitario.
- h) Saída de lotes de animais: data, cantidade de animais e, se procede, categoría á cal pertencen, desagregada por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1; código da explotación, matadoiro ou lugar de destino e número de guía ou certificado sanitario.
- i) Baixas dos animais da explotación: data, cantidade de animais e, se procede, categoría á cal pertencen e posibles causas.
- j) Nas explotacións de posta, rexistro de ovos recollidos diariamente por cada manda presente na explotación.
- k) Rendemento da produción tal e como establece o artigo 25 do Regulamento delegado 2019/2035 da Comisión, do 28 de xuño de 2019, polo que se completa o Regulamento 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no referente ás normas sobre os establecementos que teñan animais terrestres e as plantas de incubación, e á rastrexabilidade de determinados animais terrestres en cativeiro e dos ovos para incubar.
- l) Incidencias de calquera enfermidade infecciosa e parasitaria, data, número de animais afectados e medidas practicadas para o seu control, eliminación e vacinación, se for o caso. No caso de vacinación inclúiranse os seguintes datos:
 - Data de vacinación.
 - Tipo de vacina: viva/inactivada/outra.
 - Denominación comercial da/s vacina/s administrada/s.
 - Titular da autorización de comercialización da/s vacina/s administrada/s.
- m) Censo total de animais mantidos por explotación durante o ano anterior desagregado, se procede, por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1, de acordo coa declaración prevista no artigo 19.f).3.
- n) Operacións de limpeza e desinfección, de acordo co establecido no SIXE.

o) Rexistro en que se reflicta a cantidade de esterco producida anualmente e a xestión efectuada, incluíndo as datas e as contías destinadas a valorización agronómica, a identificación das parcelas ás cales se destinou, así como as datas e cantidades destinadas a instalacións de tratamento autorizadas e a identificación das ditas instalacións.

p) No caso de que se realicen intervencións aos animais, data en que se realiza a intervención, o nome da persoa que a realiza e o seu DNI/NIE.

A información das alíneas g), h), i) e j) poderá referirse, se for o caso, á folla de rexistro da manda.